

**REUNIÓN DA XERENCIA COS COMITÉS DE EMPRESA DO PAS  
LABORAL E A XUNTA DO PAS FUNCIONARIO**

**ACTA Nº 3**

**ASISTENTES**

**UNIVERSIDADE DE VIGO**

**Xerente:**

Manuel Fernández Jauregui

**Xefe do Servizo de PAS:**

José Manuel Fernández Viña

**Redacción da acta:**

María Isabel Fernández Uría

**COMITÉ DE EMPRESA PONTEVEDRA**

Marcos Estévez Orge (CCOO - Presidente)

Alfonso Bascoy Fernández (CCOO)

Marisa Magaz Ledo (CCOO)

Marisa Turnes Negreira (CCOO)

Manuel Marcos García (CCOO)

José Estévez Vázquez (CCOO)

Juan Eduardo Calzado Díaz (CIG)

José Luciano Otero Camiña (CIG)

Roberto Otero Ledo (CIG)

Federico Fernández Fernández (CIG)

Carlos Román Lago (CIG)

Carlos Mollinedo (CIG)

**COMITÉ DE EMPRESA DE OURENSE**

Luis Pérez Gómez (CIG-Presidente)

Rodrigo Alberte Pivida (CIG)

José Manuel García Eirín (CIG)

**XUNTA DE PERSOAL FUNCIONARIO DE ADMINISTRACIÓN  
E SERVIZOS**

Xoan Cebro Rodríguez (CIG-Presidente)

María José Ríos Santomé (CIG- Secretaria)

Mónica Zas Varela (CIG)

Henrique Macías Cambra (CIG)

Alejandro Cadabón Figueroa (UGT)

Ruth Velasco Martínez (UGT)

Os representantes da Universidade e dos Comités de Empresa do PAS laboral e da Xunta do PAS funcionario mantiveron unha reunión ás 09:30 horas, do 26 de outubro de 2017 na Xerencia, coa seguinte

**ORDE DO DÍA**

**1. Aprobación e sinatura da acta da reunión previa de data 27 de setembro de 2017.**

Apróbase e asínase a acta incorporando as alegacións recibidas.

**2. Negociación da oferta de emprego público para 2017 do persoal de administración e servizos funcionario e laboral da Universidade de Vigo.**

O Xerente agradece que o Comité de Empresa de Pontevedra (CEPO) presentara unha proposta, aínda que non a poda compartir, maioritariamente porque moitas das prazas implicarían que o

persoal que as ocupa provisionalmente non tería ningunha posibilidade de acceder a elas definitivamente.

Ademais, no seo da CRUE e a iniciativa da Mesa de Xerentes, estase a traballar para que o goberno na vindeira lei de orzamentos xerais lle dea ao PAS o mesmo tratamento que ao PDI, incluíndo a taxa de reposición, concretamente nas prazas ocupadas de xeito interino durante moito tempo.

O Xerente entrega aos 3 órganos a súa proposta que inclúe 6 prazas de acceso libre e 6 de promoción interna e explica que nela se busca o necesario equilibrio entre ambos sistemas e a garantía do dereito de acceso, respectando as porcentaxes fixadas no Convenio colectivo, dando oportunidade aos compañeiros que están ocupando as prazas.

Preténdese cubrir a totalidade das prazas existentes en cada unha das categorías e por outra banda atender as vacantes xeradas pola nova relación de postos de traballo do PAS Laboral.

A proposta, que se xunta, consiste en:

- Acceso libre: 4 prazas de T.S. de I+D, 1 de T.S. de Igualdade e 1 de T.S. de Calidade Ambiental e Histoloxía
- Promoción interna: 3 de T.S. de I+D, 1 de T.S. de Actividades Deportivas, 1 de T.M. de Prevención de Riscos Laborais e 1 de T.S. de Actividades de Medio Mariño.

Indica que, por outra banda, quere negociar a OEP de 2018 durante o primeiro trimestre, á espera da redacción dos orzamentos xerais do Estado e que neste escenario podería aproximarse máis ás demandas dos Comités de Empresa.

O Presidente do CEPO expresa a súa sorpresa e decepción coa proposta da xerencia. Cre que é unha proposta moi restritiva porque o que está limitado é o acceso libre, pero non a promoción interna xa que o Convenio colectivo fala dun mínimo do 50%, pero pode ser superior. Considera, ademais, que se está ante a última oportunidade do persoal laboral para promocionar antes da funcionarización.

O Xerente responde que a universidade fixo un esforzo moi grande na RPT para consolidar prazas, ofrecendo tranquilidade a moitos compañeiros aos que se lles transformou o tipo de contrato. Non comparte a visión e a proposta do CEPO que de facto deixa a moitos compañeiros sen posibilidade de acceso ás prazas que veñen desempeñando dende fai anos. Entende que o modelo de promoción interna non pode ser o único modelo, nin o dominante para a provisión de prazas. A súa proposta respecta o Convenio colectivo, cumprindo co esixible equilibrio entre acceso libre e promoción interna, así como as expectativas de acceso ao emprego fixo do persoal que desempeña as prazas.

Manifesta o seu compromiso para negociar no primeiro trimestre de 2018 a vindeira OEP ante a previsión razoable de que o goberno aprobe unha lei de orzamentos contemplando a mesma taxa de reposición que para o PDI, co que a do PAS se incrementaría exponencialmente. Non comparte que esta sexa a última oportunidade de promoción do persoal laboral, porque o proceso de funcionarización é un proceso longo, como se pode comprobar observando os procesos nas Universidades da Coruña e de Santiago.

O Presidente do Comité de Empresa de Ourense (CEO) di que a proposta da xerencia non lle sorprende senón que é coherente coa anterior OEP. Coincide coa análise dos orzamentos e a taxa de reposición. A funcionarización é un elemento de futuro, do que se leva falando 10 anos e non é partidario de condicionar as decisións por cousas que poden ou non ocorrer. Opina que este ano se debería de ir a unha proposta sen alterar expectativas laborais nin de fixos nin de contratados, é dicir,

dar oportunidades a todo o mundo. As prazas de grupos I, II e III libres poderían ofrecerse a promoción interna ou a acceso libre. De existir unha única praza debe ir a P. interna, como sempre defenderon os comités; ata agora o cómputo do 50% non era conflictivo. Estima que é posible convocar todas as prazas por P. interna e dar oportunidades a todos, fixos e contratados, porque os representan a todos. Deberíase ter en conta as prazas con traballadores en funcións de categoría superior e a funcionarización. Explica a proposta do CEO:

- Acceso libre: 4 de T.S. de I+D, porque é a categoría con máis vacantes e 2 de T.S. de Análise Instrumental, das 4 existentes, non habería implicados.
- Promoción interna: 2 de T.S. de I+D, 2 de T.S. de Análise Instrumental, 1 de T.S. de TIC (a engadir ao de 2016 e na mesma convocatoria con efecto cascada na ATIC), 1 de T.S. de Actividades Deportivas (con efecto cascada), 1 T.S. de Calidade Ambiental, 1 T.S. de Igualdade, 1 T.M. de Prevención de Riscos Laborais, 1 T.E. de Física e 2 prazas en T.E. de Bibliotecas.


O Presidente da Xunta de PAS manifesta o seu compromiso con presentar o 31 de outubro a súa proposta de funcionarización.

O Xerente agradece o talante e o esforzo do CEO e alégrase das coincidencias en I+D e Deportes; na ECIMAT habería que repartir P. interna e acceso libre; en Prevención de Riscos as posturas son cercanas. Respecto dos T.S. de Análise Instrumental as cifras non coinciden. Manifesta o especial interese en dar preferencia a aquelas prazas que actualmente non estean cubertas. Reitera o compromiso para empezar a traballar na vindeira OEP e realizar perante a Xunta de Galicia os correspondente trámites coa máxima rapidez.

O Presidente do CEO indica que, de estar errados os datos que manexaron, modificarían a súa proposta, pero resalta a discrepancia respecto de que as prazas únicas non se reserven a P. interna.

O Xerente manifesta que non comparte o carácter inamovible desa interpretación do Convenio polos comités e solicita que acheguen por escrito a proposta para poder analizala.

E sen máis asuntos que tratar remata a reunión ás 10:30h.

Three handwritten signatures in blue ink are visible at the bottom of the page. The first signature on the left is a cursive scribble. The middle signature is a stylized 'L' shape. The signature on the right is a long, sweeping horizontal line with a large loop at the end.

## PROPOSTA DE OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2017

Cobertura por acceso libre:

DENOMINACIÓN	Nº
Técnico Superior de I + D	4
Técnico Superior de Igualdade	1
Técnico Superior de Calidade Ambiental e Histoloxía	1

Cobertura por promoción interna:

DENOMINACIÓN	Nº
Técnico Superior de I + D	3
Técnico Superior de Actividades Deportivas	1
Técnico Superior de Actividades do Medio Mariño	1
Técnico Medio de Prevención de Riscos laborais	1

Vigo, 26 de outubro de 2017

O Xerente,



Manuel Fernández Jauregui